

Santalices recomenda “sentido común” para superar a crise de Cataluña e suxire “sacrificar” os intereses individuais en beneficio da cidadanía

- **Considera que o sucedido en Cataluña “está desprestixiando a esencia do Parlamento” e recorda que para adquirir a condición de deputado na Cámara galega se require “presenza, xuramento e acatamento da Constitución”**

Santiago, 31 de xaneiro de 2018.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices, afirmou hoxe que superar a situación política que atravesamos require “poñerlle sentido común” e “sacrificar” os intereses individuais en beneficio do conxunto da cidadanía.

En declaracións aos xornalistas, antes de comezar unha visita á exposición *Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas*, no Museo do Mar de Vigo, Santalices afirmou que “non pode unha persoa soa neste momento volverse tan egoísta” e impedir ofrecer unha solución a Cataluña.

O titular da Cámara galega avogou por “dar unha saída normal” a esta crise que, ao seu xuízo, “tamén está desprestixiando a esencia do parlamentarismo”.

Recordou Santalices Vieira que para adquirir a condición de deputado no Parlamento de Galicia se require “taxativamente” a “presenza, xuramento e acatamento da Constitución”, situación que non se deu no Parlamento de Cataluña, ao tempo que apuntou que o debate de investidura debe ter lugar “obrigatoriamente” coa presenza do candidato á Presidencia. Agregou, neste sentido que, xunto coas obrigas legais, “os xestos son importantes e a credibilidade tamén se gaña desde o punto de vista presencial”

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.